



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

CIRCULAR 79-2010

- A todas as Delegacións (*)

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE VETERÁNS DE CAMPO A TRAVÉS

II Cross Concello da Pobra do Caramiñal

Pobra do Caramiñal (Praia de Cabio, A Coruña), 9 de xaneiro do 2011

O Concello de Pobra do Caramiñal e a Agrupación Deportiva do Barbanza, conxuntamente ca Delegación da FGA en Santiago de Compostela organizan o **Campionato Galego de campo a través veterán**, no circuito de campo a través sito na praia de Cabio, Pobra do Caramiñal (A Coruña), baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices. A proba terá lugar o domingo día 9 de xaneiro.

REGULAMENTO

1. Poderán participar todos os **atletas federados** das seguintes categorías (homes e mulleres) que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2010/11) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezan a clubs doutras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións

A nivel individual:

HOMES	MULLERES
M-35 De 35 a 39 anos	F-35 De 35 a 39 anos
M-40 De 40 a 44 anos	F-40 De 40 a 44 anos
M-45 De 45 a 49 anos	F-45 De 45 a 49 anos
M-50 De 50 a 54 anos	F-50 De 50 a 54 anos
M-55 De 55 a 59 anos	F-55 De 55 a 59 anos
M-60 De 60 a 64 anos	F-60 De 60 a 64 anos
M-65 De 65 a 69 anos	F-65 De 65 a 69 anos
M-70 De 70 a 74 anos	F-70 De 70 a 74 anos
M-75 De 75 a 79 anos	F-75 De 75 a 79 anos
M-80 De 80 a 84 anos	F-80 De 80 a 84 anos
M-85 De 85 en diante	F-85 De 85 en diante

A nivel de equipos:

HOMES	MULLERES
M-35/M40 De 35 a 44 anos	F-35/+ De 35 en diante
M-45/ + De 45 en diante	

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

Os atletas poden baixar de categoría, sendo polo menos 2 dos atletas que puntúan no equipo da categoría na que se quere puntuar (a inferior). Un atleta poderá baixar de categoría para puntuar co seu equipo sempre que o manifeste á hora da inscrición, en caso contrario, puntuará co seu grupo de idade. Non se pode dobrar. Non se permiten cambios o día da proba.

- Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos; a clasificación por equipos farase en cada unha das 3 carreiras programadas.

Para realizar a clasificación por equipos sumaranse os postos obtidos polos 3 primeiros atletas en cada carreira. Resultará gañador o equipo que menos puntos obteña (en caso de empate, clasificarase en primeiro lugar o equipo no cal o seu 3º atleta quedase diante). Cada clube terá dereito a formar un só equipo por proba e deberá realizar a inscrición como tal.

3. DISTANCIAS E HORARIOS

HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA APROX.
11:35	Veteranas	Mulleres	5300 metros
12:10	Veteráns (M35-M40)	Homes	7300 metros
12:55	Veteráns (M45 e seguintes)	Homes	5300 metros
14:20	Entrega de PREMIOS		

- As inscricións farase na páxina web www.atletismogalego.org como máximo ata o martes 4 de xaneiro ás 20:00 horas. Deberán reflexar os seguintes datos: **nome e apelidos, data de nacemento, clube e nº de licenzia federativa**. Para a inscrición por equipos é imprescindible reflexar o nome do clube e os compoñentes do mesmo cos datos persoais arriba indicados.
- Os delegados oficiais dos Clubes poderán retirar na **SECRETARÍA DA COMPETICIÓN** os seus dorsais ata 30 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.
- Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da Saída da súa proba, onde deberán acreditar a súa identidade (presentación de ficha federativa, DNI ou documento acreditativo).
- A orde de colocación dos equipos participantes na saída realizarase por sorteo.
- Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo coa normativa RFEA en vigor.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 13 de decembro de 2010

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

